

2.2

DA CAPELA DO PILAR AO PÓRTICO DA QUINTANA. TRADICIÓN CLÁSICA E CREACIÓN BARROCA*

Miguel Taín Guzmán

Universidade de Santiago de Compostela

O posto máis alto para o exercicio da práctica da arquitectura en Galicia en tempos do barroco era o cargo de mestre maior de obras da catedral de Santiago de Compostela, cuxo cabido desenvolveu un enorme esforzo na renovación do edificio da basílica e o seu mobiliario. Alcanzalo en calquera catedral de España supoñía prestixio profesional, un salario fixo e o aumento das súas posibilidades laborais e, en consecuencia, da súa capacidade económica debido á demanda dos seus servizos por outras institucións eclesiásticas, nobres e reais do reino.

Tras a morte de José de la Peña de Toro nos primeiros días de 1676, ata entón no posto, o cabido confirma para o cargo a Domingo de Andrade o 28 de xaneiro, cun salario anual de 190 ducados (2090 reais), e indica que o seu traballo abarcaría tanto as obras de cantería como as de carpintería, sumando 5 reais e medio por cada día que asistise dirixir as obras¹. Cumprían desta maneira co compromiso adquirido co arquitecto catro anos antes, cando o nomearon aparelador maior e lle encargaron que asumise as tarefas de Peña de Toro, entón xa moi maior, comprometéndose a designalo mestre cando falecese². No memorial que presenta Andrade ao cabido buscando a confirmación da praza pon en valor o seu traballo como tracista e como director de obras que «havía catorçe años que servía en esta Santa Yglesia assí a la obra sumptuosa del tabernáculo, con mucho desvelo y cuidado a haçer los dibuxos y traças, como a las más obras que ha tenido y tiene, haçiendo oficio de maestro dellas»³. Ambos constitúen, pois, as principais responsabilidades do cargo e a orixe da modernización do edificio da basílica medieval que protagoniza, respondendo á necesidade tanto de embelecelo seguindo o novo estilo internacional do barroco, como de adaptalo aos novos criterios de Trento recollidos nas *Instrukiones Fabricae* de Carlos Borromeo (Milán, 1577).

* O presente traballo beneficiouse da axuda do Programa de consolidación e estruturación de unidades de investigación competitivas da Xunta de Galicia (SUG), na modalidade de Grupos de potencial crecemento. Núm. expediente: ED431B 2020/41, cun período de duración do 2020-2022.

1. Arquivo da catedral de Santiago (todas as referencias documentais deste traballo corresponden a este arquivo). Índice xeral 628 (IG). Libro de acras capitulares 36 (LAC). f. 89v e 1G534. Libro de fábrica 2.º (L.F). f. 336r.

2. IG627, LAC35, f. 145rv.

3. IG628, LAC36, f. 89v.

Os debuxos do cóengo José de Vega y Verdugo permiten comprobar o aspecto medievalizante do templo antes das intervencións do noso artífice, mentres que o edificio actual, cos seus elementos barrocos adornados coa súa característica ornamentación con restras de froitas, vexetación e carteis de follaxe, reflicten a envergadura do seu traballo. Dúas delas destacan pola súa singularidade e por estar vinculadas entre si. Refírome á sancristía da capela maior, hoxe coñecida como capela do Pilar, e ao pórtico da Quintana. (figs. 1-4)



Fig. 1. Interior da sancristía catedralicia, muro sur. © Fundación Catedral de Santiago. Foto: E. Touriño



Fig. 2. Interior da sancristía catedralicia, entradas polo muro norte. © Fundación Catedral de Santiago. Foto: E. Touriño

Nestes anos a catedral contaba con dúas sancristías para atender os capitulares, un feito bastante habitual⁴

4. E. Carrero Santamaría, «La sacristía catedralicia en los reinos hispanos. Evolución topográfica y tipo arquitectónico», *Liño*, 11 (2002), pp. 51, 56 e 57-59; F. del Baño Martínez, *Estancias de uso y representación al servicio de las catedrales españolas durante el barroco*, tese de doutoramento, Universidade de Murcia, 2008, pp. 71-73.



Fig. 3. Cúpula da sancristía catedralicia, © Fundación Catedral de Santiago. Foto: E. Touriño



Fig. 4. Pórtico da Quintana e exterior da sancristía. Foto do autor

e que Borromeo non desaproba⁵. A sancristía de arriba, situada no hemiciclo da capela maior, tras o altar maior, destinábase aos sete cóengos cardeais, os únicos que oficiaban no altar maior, por quendas semanais, e asistían ao arcebispo nas misas pontificais⁶. En cambio, a sancristía de abaixo, a actual sancristía catedralicia, situada entre a basílica e a panda norte do claustro, dedicábase a atender as necesidades capitulares no cadeirado do coro da nave central. Esta dualidade tamén se manifestaba na existencia de dous sancristáns. O sancristán do altar de Santiago que se encargaba de atender os cóengos cardeais e de manter limpo o altar maior, adornado con alfombras e cos ornamentos e cores de cada festa. E o sancristán do coro, responsable de

5. C. Borromeo, *Instrucciones de la fábrica y del ajuar eclesiásticos*, Universidade Nacional Autónoma de México, 1985, p. 77.

6. A. Iglesias Ortega, *La catedral de Santiago de Compostela y sus capitulares: funcionamiento y sociología de un cabildo en el siglo XVI*, A Coruña, Deputación Provincial da Coruña, 2012, pp. 89-94.

atender o cadeirado do coro, abrir e pechar a súa porta, colocar os cantorais no facistol co oficio cantado do día e poñer candeas para as matinas⁷.

A última remodelación da sancristía dos cóngos cardeais tivera lugar entre 1671 e 1674 ao dispoñerse o seu actual peche de sete portas nos intercolumnios, por mor da instalación do baldaquino⁸. En 1693 documéntase a intención de instalar no recinto un novo pavimento con mármore adquiridos en Asturias por Andrade e o fabriqueiro Miguel de Montenegro⁹. Nesta ambición podería estar a orixe de recuperar o frustrado proxecto da década de 1660 de trasladar a sancristía de arriba a unha de nova construción para atender o culto no altar maior¹⁰. Un pedimento de entón do cabido e do seu fabriqueiro Vega y Verdugo explica a necesidade do novo recinto:

está fabricando un tabernáculo a hespensas de su Magestad para el altar mayor, que se a de poner encima del sepulcro del Santo Apóstol y a de ocupar la sacristía alta donde se solían rebistir el preste, diácono y sudíacono para la missa mayor. Con que echa la obra, no ay sacristía en donde se puedan rebistir dicho preste y ministros porque en la sacristía baja ni es decente ni puede ser por estar muy distante de la capilla mayor y fuera de la caja y ámbito de la yglesia. Y para pasar della al altar mayor en tienpo de concursso que suele aver continuamente de mucho número de jentes de di-

bersas naciones al jubileo, no se puede atrabessar sin mucha dificultad el trecho que della ay al altar mayor por ser largo y de mucha distancia, y en que peligran los ornamentos. Y lo que más es la yndezencia de que, con dicha dificultad, no podrá llegar el preste y los ministros al altar mayor al tienpo necessario y se obligará a que pare el coro, cosa de mucha yndezencia para el culto de la yglesia. Y aunque los caperos que ban al coro salen de dicha sacristía baja, aunque están más cerca, llegan con grandíssima dificultad y trabajo. Y en los días de mucho concurso no pueden llegar a tienpo ni hir en forma ni con la dezencia que se deve, por lo qual nezzesita dicha Santa y Appostólica Yglesia de fabricar una sacristía en parte cómoda y dezente para que della se pueda serbir el altar y el coro con toda puntualidad y que no se aga falta al culto debino. Y la parte más cómoda y más a propósito para dicho efecto es a la parte colateral de la epístola del altar mayor, donde están las capillas de Mencía de Andrad y de Nuestra Señora de la Piedad y dos capillas parroquiales de San Andrés y San Frutuoso¹¹.

Tales necesidades mantéñense trinta anos despois, pois reclámase outra vez que se constrúa a sancristía «para el servicio del altar y capilla mayor de Nuestro Glorioso Apóstol Señor Santiago y su culto» e «para los ornatos y más alajas de dicha Santa Yglesia y para lo más que hera concerniente al culto y servicio del altar de Nuestro Sagrado Apóstol Santiago»¹².

A implicación de Andrade na dirección da obra queda clara na acta do cabido do 5 de agosto de 1697 onde se di que «se ha leydo memorial del maestro de obras Domingo de Andrade acerca de ciertas proposiciones sobre la fábrica de la nueva sacristía, y se quedó por resolver esta materia», pero cuxo contido lamentablemente non se indica¹³. O terreo elixido redúcese agora ao ocupado polas capelas de santo André e san Froitoso, situadas no ángulo formado entre o transepto sur e o arranque do deambulatorio e, polo tanto, con acceso cómodo ao presbiterio. Desta forma seguíase a recomendación de Borromeo de situar a sancristía ao

7. En realidade, aínda hai un terceiro dedicado ao resouro; cf. Iglesias Ortega, *La catedral...*, op. cit., pp. 163-167.

8. M. Taín Guzmán, «El viaje a Lisboa del canónigo fabriqueiro José de Vega y Verdugo», *Quimana*, 1 (2002), pp. 303-304.

9. «En hir a Asturias a comprar xaspes para losar el suelo del trasaltar de nuestro santo Apóstol»; non se especifica a cor nin a localidade da canreira; IG486, LAC43, ff. 10r, 37v-38r e 45r. Estes aínda chegarán ao porto de Noia en dúas quendas, unha en 1694 e outra en 1695, a primeira distribuída en catorce carros para ser transportados ata a catedral (IG535, LF3^o, f. 94v) e a segunda en vinte e cinco (IG535, LF3^o, f. 124v e IG989B, Fábrica, Comprobantes de contas (FCC), Memorial de el gasto que a tenido la fábrica de la Santa y Appostólica Yglesia de Señor Santiago en los carretos que portearon el xaspe que estaba en Noia, el qual se acabó de portear a esta Santa Yglesia, 15/06/1695). A pregunta que queda no aire, vistas as cantidades e as datas, é se este material ou parte del non acabaría destinado á nova sancristía.

10. IG711, Varia, ff. 118r-130r. Sobre este primeiro intento, véxanse J. M. García Iglesias, *A catedral de Santiago e o barroco*, Santiago de Compostela, Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, 1990, pp. 79-94; S. Vicente López, Vega y Verdugo, *Peña de Toro y la introducción del barroco en Compostela*, Santiago, Consorcio de Santiago-Teófilo Edicións, 2012, pp. 422-447.

11. IG404, Antecedentes relativos a construción dunha nova sancristía, 1661; pedimento; documento publicado en A. López Ferreiro, *Historia de la santa a. m. iglesia de Santiago de Compostela*, Santiago, Seminario Conciliar Central, 1907, vol. 9, pp. 255-256.

12. Así se declara en 1696 en IG717, Varia, documento 405, ff. 140r e 141r e documento 406, ff. 149r, 149v e 152r.

13. IG487, LAC44, f. 164v.

sur da capela maior, con xanelas cara ao leste, para que recibise maior iluminación e ventilación¹⁴. As dúas parroquias abandonarán as súas sedes en maio de 1696. A de santo André trasladarase ao Cuarto dos Gardas, un recinto situado na praza das Cambias, hoxe praza da Acibechería, cun acceso exterior desde a devandita praza e outro desde o corredor que comunica o transepto norte coa Corticela¹⁵. En cambio, a de san Froitoso desprazarase á capela de Santo Antón de Padua no transepto norte¹⁶.

Un documento do 11 de marzo de 1696 afirma que a construción xa empezara («a que tenían ya dado principio»), aínda que os traballos se cinguirían entón á provisión de materiais e a acondicionar o terreo, empezando a desmontar muros —pero non as capelas ata que foron desafiuzadas en maio— e, seica, a escavar os cimentos¹⁷. De feito, consta o pago de canizos, madeira, tella e cravos en setembro e outubro de 1695 para a construción dun alpendre onde canteiros e carpinteiros puidesen traballar protexidos das inclemencias do tempo («para un alpendre que se quiere hacer en la Quintana para los oficiales que enpieçan a trabaxar en la sacristía»)¹⁸. Tamén se documenta que se desmonta o pórtico da Quintana, construído por Peña de Toro unhas décadas antes, por molestar no proxecto da sancristía e, reaproveitándoo, a edificación do actual, máis grande, ao redor dun metro máis avanzado cara á praza¹⁹. Por fin, consta o peche con táboas da porta da capela de santo André coa intención de protexela durante as obras e convertela nun dos dous accesos da nova sancristía²⁰. Aínda en 1699 se chega a un acordo con Andrés de Mondragón, marqués de Santa Cruz, patrón da veciña capela da Piedade, para desmontar o muro

que lindaba coa nova sancristía²¹: en setembro tráense «dos carros de toxo para echar sobre ellos las piedras de la pared del Marquez de Santa Cruz que se deshiço»²².

Á cuarta semana de novembro de 1695 corresponde a primeira partida de cantería documentada para construír a sancristía: «quarenta y cinco carretos (de cantería) que vinieron en esta semana para la sacristía»²³. A cédula de xornais dos oficiais da catedral desa semana, encabezada por Andrade debido ao seu cargo, informa dos canteiros que traballaron eses días nas obras. Trátase de Juan Martínez, Amaro da Veiga, Domingo Ferreiro, Alonso García, Francisco Fernández, Francisco Landeira e Andrés de la Iglesia. A partir de entón, e ata 1702, as relacións semanais repiten moitos destes nomes, incrementándoos nos meses de maior actividade: por exemplo, a primeira semana de novembro de 1697 traballan Francisco Tarrío, Domingo Gómez, Amaro da Veiga, Andrés García, Domingo do Seixo, Alonso García, Luís de Requeijo, Gregorio López, Francisco Fernández, Pedro Míguez, Benito da Fraga, Domingo de Adrán, Pedro Vidal, Andrés de la Iglesia, Paio Turnez, Antonio del Monte, Domingo Junqueira, Blas de Covas, Antonio de Covas, Domingo Ferreiro, Domingo López, Domingo Juárez, Francisco Fandiño, Julián de Covas e Ignacio Rodríguez²⁴. Igualmente, documentan a chegada semanal de carros cargados de perpiaños de cantería para a sancristía, algúns compartidos coas obras do pórtico e a bóveda do corredor interior, uns taxados por Andrade e outros polos seus apareladores, un deles o novo arquitecto Simón Rodríguez²⁵. Para a súa extracción da canteira, o cerralleiro Juan Pérez

14. C. Borromeo. *Instrucciones...*, op. cit., pp. 77-78.

15. IG535. LF3.^o. f. 140r.

16. IG487. LAC.14. f. 19v.

17. IG717. Varia. documento 406. f. 152r.

18. IG989B. FCC. relacións dos xornais e gastos da fábrica en obras da catedral a 2.^a, 3.^a e 5.^a semanas de setembro de 1695 e 1.^a e 2.^a de outubro do mesmo ano (R); e IG989B. FCC. recibos da madeira de 1695 e tres recibos de «tixa para el alpendre de la Quintana. Año de 1695».

19. S. Vicente López, Vega y Verdugo... op. cit., pp. 406-422.

20. «Más entregó seis grapas para un tablado que se hiço delante de la puerta que ha sido de la parrochia de San Andrés que oi ha de servir para la puerta de la sacristía»: IG990A. FCC. Conta de Juan Pérez. cerralleiro, do 16/10/1698 ao 29/12/1699.

21. IG488. LAC.15. f. 71v.

22. IG990A. FCC. R3.^o/09/1699 (terceira semana).

23. IG989B. FCC. R4.^o/11/1695.

24. IG989C. FCC. R1.^o/11/1697.

25. IG989B. IG989C. IG990A. IG990B. FCC. Rs. Moitas destas relacións especifican que o destino concreto destas partidas é a sancristía: por exemplo, en IG989B. FCC. cédula en R3.^o/12/1695 («siete carretos de cantería que vinieron en esta semana para la sacristía»), R4.^o e R5.^o; IG989C. FCC. R1.^o/11/1697; IG990A. FCC. R1.^o/03/1698. R2.^o/06. R3.^o. R4.^o. R5.^o/04/1699; IG990B. FCC. R1.^o/02/1700. R2.^o. R3.^o. R4.^o. R1.^o/03. R2.^o. R3.^o. R1.^o/04. cédula de R2.^o. R3.^o. R4.^o. R3.^o/05. R4.^o/06. R1.^o/07. R2.^o. R3.^o. R4.^o. R5.^o. R1.^o/08. R2.^o: PdC (pendente de catalogación). cédula na R1.^o/03/1702; PdC. R1.^o/04; PdC. R2.^o; PdC. R3.^o; PdC. R4.^o; PdC. R1.^o/05; PdC. R2.^o; PdC. R3.^o; PdC. 4.^o; PdC. R1.^o/06; PdC. R3.^o; PdC. R4.^o; PdC. R5.^o; PdC. R1.^o/07; e PdC. R2.^o.

realizou ducias de picos e cuñas²⁶. Ademais, cómprase madeira de álamo²⁷ e moitos canizos para as estadas²⁸ e unha grosa maroma de cânabo para subir as pedras cando os muros adquiriron certa altura²⁹. Testemuño do avance dos traballos é que en febreiro de 1700 se retiran nada menos que catrocentos oitenta e nove carros de terra e cascallos acumulados na praza da Quintana³⁰.

A partir da terceira semana de xullo de 1702 en diante, a edificación retárdase excesivamente e mesmo se detén, pois deixan de chegar carretos de perpiaños e os nomes dos canteiros desaparecen das relacións de xornais³¹. En febreiro de 1703, cóbrese a sancristía cun tellado provisional por «la parte del tiro y estadas por que no se pudriesen»³² e entre maio de 1703 e febreiro de 1704 retírase outra vez a terra e cascallos da obra na Quintana³³. Logo, en 1705 e 1706, o cabido inviste os seus esforzos na reurbanización da praza das Praterías

coa construción da súa actual escaleira, pavimentación e unha nova fonte, con elementos de mármore, para prover de auga a poboación, logo substituída³⁴.

Así, non é ata 1707 que se retoman con brío os traballos na sancristía e entre o devandito ano e 1709 constrúese a cúpula («la naranja de la sacristía») e termínase o edificio. Así, volven chegar novas remesas de carros de cantería³⁵ e adquirense máis canizos para as estadas³⁶, sebo para a corda coa que se sobe a cantería e outros materiais³⁷, así como chumbo para chumbar os exteriores³⁸. Juan Pérez achega a cravazón para a estrutura do tiro usado para subir os materiais, arranxa ferramentas (cinco saltarreglas), confecciona outras novas (cinco ciceis para traballar «la bóveda de la sacrestía nueva», seis furadores para rozar a cúpula e «cinco si(n)seles y ponerle el asero para ellos, los cuales han çervido para garafetear y embaptumar la bóveda de la sacrestía») e fai varias grampas para asentar a base da lanterna³⁹. O tallista Francisco de Brouces aparece nas relacións desde maio de 1705, e corresponderíanlle, xunto á cuadrilla formada por Gabriel de Brouces, Juan Bautista, Roque de Castro, Andrés Gómez e Fernando Salcedo, os relevos do intradorso da media laranxa⁴⁰.

26. IG990A, FCC, Conta de Juan Pérez, cerralleiro, do 16/10/1698 ao 29/12/1699; e IG990B, FCC, Conta de J. Pérez do 01/01/1700 ao 06/04/1701.

27. IG990C, FCC, *Quenta de 82 álamos que se fueron a cortar para servicio de esta Santa Yglesia*, 13/06/1702: «para las estadas de la sacristía que se ha fabricando».

28. IG989C, FCC, R1.^ª/11/1697 («ocho cañizos para estadas de la sacristía»); IG990A, FCC, R4.^ª/02/1698, cédula de gastos extraordinarios (CdGE) en R2.^ª/03; IG990B, FCC, CdGE en R1.^ª/08/1700; IG990C, FCC, CdGE en R4.^ª/09/1701, CdGE en R1.^ª/10, CdGE en R3.^ª; e PdC, CdGE en R4.^ª/04/1702.

29. IG990A, FCC, *Recibo de Domingo Baluja de una maroma*, 04/03/1699.

30. IG990B, FCC, R4.^ª/02/1700.

31. Só consta algunha partida esporádica de cantería (IG991B, FCC, R1.^ª/04/1705 e R2.^ª/06; e IG991C, FCC, R4.^ª/08/1706), canizos para as estadas (IG991B, FCC, Rs 4.^ª/03/1705, 1.^ª/10 e 3.^ª/10; IG991C, FCC, Rs 4.^ª/04/1706, 5.^ª/04 e 1.^ª/09), area para mesturar co cal (IG991B, FCC, R1.^ª/03/1705), sebo para a corda coa que se sobe a cantería e outros materiais (IG991C, FCC, Rs 3.^ª/04/1706 e 2.^ª/06), aceiro para os ferros cos que rozar a pedra (IG991C, FCC, R1.^ª/05/1706) e unha maroma de cânabo «para subir los materiales de la sacristía» (IG991C, FCC, *Recibo de Domingo Baluja de cuerdas que hizo para servicio de la fábrica*, 27/10/1706).

32. IG991A, FCC, *Recibo de los carpinteros y un peón de algunos reparos de tejados y otras cosas*, 12/02/1703. Para o tellado tamén se compran canizos («25 cañizos para un tejado que se hizo sobre la sacristía nueva», IG991B, FCC, R3.^ª/09/1705; e «18 cañizos para el tejado de la sacristía», IG991C, FCC, R3.^ª/09/1706) e tellóns («seiscientos texones... para el tejado de sobre la sacristía», IG991C, FCC, *Libranza de texones y taxa para reparar los tejados*, 22/09/1706).

33. IG991A, FCC, recibos da Tierra que se sacó de la Quintana este año de 1703: «que salió de los cimientos de la fachada de ella y sacristía nueva».

34. Véxanse as relacións semanais de xornais e gastos de devanditos anos en IG991B, FCC, Tamen M. Tain Guzmán, *Domingo de Andrade, maestro de obras de la catedral de Santiago (1639-1712)*, Sada, Edicións do Castro, 1998, vol.1, pp. 347-352.

35. Outra vez moitas das relacións especifican que as partidas se destinan á sancristía: por exemplo, en PdC, R4.^ª/02/1707 («veinte y nueve carretos de cantería... para la sacristía»); PdC, R1.^ª/03; PdC, R2.^ª; PdC, R4.^ª; PdC, R3.^ª/04; PdC, R4.^ª; PdC, R5.^ª; PdC, R2.^ª/05; PdC, R4.^ª; PdC, cédula de cantería en R1.^ª/07; PdC, R4.^ª; PdC, R1.^ª/08; PdC, R3.^ª; PdC, R4.^ª; PdC, R1.^ª/09; PdC, R2.^ª; PdC, R3.^ª; PdC, R4.^ª; PdC, R5.^ª; PdC, R1.^ª/10; PdC, R2.^ª; PdC, R3.^ª; PdC, R4.^ª; PdC, R1.^ª/11; PdC, R2.^ª; PdC, R3.^ª; PdC, R1.^ª/12; PdC, R3.^ª/05/1708; PdC, R4.^ª/07; PdC, R2.^ª/08; PdC, cédula en la R3.^ª; PdC, R4.^ª/11; IG991C, FCC, R2.^ª/01/1709, R3.^ª/02, R2.^ª/03, R3.^ª, R1.^ª/04, R2.^ª, R3.^ª, R1.^ª/05, R3.^ª, R4.^ª, R2.^ª/06, R3.^ª, R2.^ª/10, R3.^ª, R4.^ª, R1.^ª/11, R2.^ª, R1.^ª/12 e R2.^ª.

36. PdC, Rs 2.^ª/04/1707 e 2.^ª/07.

37. PdC, Rs 3.^ª/08/1707 e 1.^ª/11.

38. IG991C, FCC, R1.^ª/11/1709: «59 libras y media de plomo para el remate de la nueva sacristía».

39. IG991B, FCC, Conta de J. Pérez do 26/04/1704 ao 17/08/1704; IG991C, FCC, Conta de J. Pérez, do 17/08/1705 ao 18/05/1705; e Conta de J. Pérez do 14/04/1708 ao 21/06/1709; IG992A, FCC, Conta de J. Pérez ata 22/05/1710 e Conta de J. Pérez do 21/05/1710 ao 22/04/1711.

40. IG991C, FCC, R1.^ª/05/1709.

En febreiro de 1709 aínda se traballa na cúpula⁴¹, en xuño na cornixa⁴² e en outubro na lanterna⁴³. Nos últimos meses do ano e durante 1710 instálanse as vidreiras das ventás interiores, as dúas da Quintana e as oito da cúpula e da lanterna⁴⁴. Por fin, desde setembro e ata xaneiro de 1710 cómpranse soleiras, pontóns, ripas e outras madeiras para a carpintería do tellado, co que se termina entón a construción do edificio⁴⁵.

Paralelamente aos traballos enumerados, mestres xaspistas dedicáronse durante anos a serrar, puír e colocar os mármore que decoran as paredes, pilastras, arcos e nichos do recinto. Unha parte dos mármore utilizados procede de canteiras galegas exploradas polo propio Andrade: así, consta o pagamento «a un hombre que enseñó al maestro Andrade el monte, por donde ban a Monforte, para rexistrarlo por ver si se allaba algún género de mármol»⁴⁶. Froito de tal empeño é a localización en 1695 dun xacemento de mármol negro no

monte das Pías, en Sobrado dos Monxes, acompañado do xaspista Domingo Gómez e pola que recibiron 187 reais⁴⁷ (fig. 5). O propio Andrade pona en explotación e manda a primeira partida á catedral en 1696: inviste dezasete días en extraer nada menos que cincuenta e dous carros do prezado material cun grupo de canteiros, labor pola que recibiu 170 reais en concepto de gastos da súa persoa, montura e asistente⁴⁸. Uns meses máis tarde, xa en 1700, chega outra partida á catedral en vinte carretos⁴⁹. Igualmente, trae mármol branco con vetas das canteiras do Incio, onde Andrade investiu doce días na extracción doutro lote en 1699, labor pola que recibiu 120 reais (fig. 6). Enviouse á catedral en vinte carros, pasando por Lugo⁵⁰. Uns meses máis tarde, xa en 1700, chega outra partida á catedral en corenta e un carretos⁵¹. Finalmente, Andrade localizou un terceiro xacemento en Bergantiños, pero o seu mármol resultou demasiado duro para ser labrado e non se utilizou. No seu estudo empregou tres días e recibiu 33 reais polo mesmo concepto que nos casos anteriores⁵².

41. IG991C, FCC, R3, s/02/1709: «siete carretos de cantería... para la naranja de la sacristía».

42. IG991C, FCC, R2, s/06/1709: «6 piedras grandes... para la cornisa de la sacristía nueva».

43. IG991C, FCC, R2, s/10/1709: «16 carretos de cantería, 4 mui grandes para la clabe de la linterna de la sacristía».

44. IG535, LF3, f. 342v; IG992A, FCC, *Quenta de bidrieras para la sacristía nueva*, 20/09/1710; e IG992A, FCC, *Papeles de las bidrieras que se compraron este año de 1710*. En 1700 Juan Pérez xa realizara a ferraxe da vidreira nova da venta situada sobre a porta da sacristía que fora a entrada da capela de Santo André (8 de maio) e o da que se corresponde coa tumba do arcebispo Juan Beltrán de Guevara (16 de setembro); IG990B, FCC, Conta de J. Pérez do 01/01/1700 ao 06/04/1701. Agora, en 1710, dá porlóns, gonzos etc., para algúns dos marcos e toda a ferraxe das vidreiras da cúpula e lanterna; IG992A, FCC, Conta de J. Pérez ata 22/05/1710 e Conta de J. Pérez do 21/05/1710 ao 22/04/1711.

45. «Un palo y 4 soleras para el texado o armazón de la sacristía» (IG991C, FCC, R3, s/09/1709); «un palo para el texado de la sacristía nueva» (IG991C, FCC, R4, s/09/1709); «cantidad de madera que se compró para la sacristía... seis soleras y un palo de castaño que se compró para la sacristía... treinta y siete pontones para la sacristía... seis soleras de castaño para dicha sacristía... quatro soleras para la sacristía nueva... 125 ripias para la nueva sacristía» (IG991C, FCC, *Madera que se compró este año de 1709*); e «171 ripias para el tejado de la sacristía nueva» (IG992A, FCC, *Memoria de la madera que se compró este año de 1710*).

46. IG989C, FCC, *Memoria de el gasto que a tenido la Fábrica de la Santa y Apostólica Yglesia de Señor Santiago en arrancar y portear quarenta y nueve carretos de mármol negro de el Monte de las Pías, junto a Sobrado, a que asistió a arrancarlo el maestro Domingo de Andrade, con asistencia de algunos oficiales y peones: y dichos carretos los tasó dicho maestro Andrade*, 06/07/1696.

47. IG535, LF3, f. 126r e IG989B, FCC, *Librança con su recibo de el maestro Andrade y Domingo Gómez, xaspista, de el viaje a Sobrado, 23/07/1695*. A finais de xuño págase a un carreteiro o transporte da ferramenta: «más de el carreteiro que bolvió a traer la erramienta que avía llevado el maestro Andrade y Domingo Gómez quando fueron a buscar el xaspe»; IG989B, FCC, R5, s/06/1695.

48. IG535, LF3, f. 141r e IG989C, FCC, *Memoria de el gasto que a tenido la Fábrica de la Santa y Apostólica Yglesia de Señor Santiago en arrancar y portear quarenta y nueve carretos de mármol negro de el Monte de las Pías...*, 06/07/1696. Nesta mesma memoria hai unha nota engadida que informa que o 17 aínda chegan tres carretos máis. Para a súa extracción usáronse 7 cuñas grandes, 27 palmetas, unha barra de ferro e dous trades; IG989C, FCC, *Conta do ferreiro de 1696*.

49. IG535, LF3, f. 199r e IG990B, FCC, *Jaspes que vinieron del monte de las Pías, junto a Sobrado, para la sacristía, 27/10/1700* (taxados por Andrade).

50. IG535, LF3, f. 103v e IG990A, FCC, *del gasto que se hiço con los mármoles que se fueron a coxer al monte Hincio, que hes más allá de Monforte tres leguas, cuyo mármol les para guarnecer la sacristía, que al de presente se haze para servicio de esta Santa y Apostólica Yglesia de Señor Santiago, a cuja dependencia fue el maestro Domingo de Andrade con quatro oficiales*, 12/08/1699.

51. IG535, LF3, f. 199r e IG990B, FCC, *Coste que han tenido 41 carretos de jaspe que vinieron del monte Hincio, junto a Monforte, para la sacristía que se haze para esta Santa Yglesia*, 08/10/1700 (taxados por Andrade).

52. IG990A, FCC, *Memoria del gasto que se hiço con los mármoles que se fueron a coxer al monte Hincio...* Gastos que se hiçieron en descubrir una cantera de mármol en Bergantiños, 12/08/1699.



Fig. 5. Mármore negro do monte das Pías, Sobrado dos Monxes. Foto do autor



Fig. 6. Mármore branco con veas do Incio, Foto do autor

Ademais, o cabido fixo un esforzo en adquirir lotes de dous dos mármore foráneos máis prezados do seu tempo. Un é o brocado de Tortosa, extraído nas canteiras desa localidade catalá e famoso na época moderna

polo seu uso na decoración do Colexio do Patriarca de Valencia (1599-1601), Santa Maria Vallicella en Roma (1606), a capela de San Xenaro da catedral de Nápoles (1611), o Panteón Real no Escorial (1618), a capela do Sagrario da catedral de Toledo (1607) e a capela da Virxe da Cinta da catedral de Tortosa (1672), entre outros moitos exemplos españois e europeos⁵³. Trátase dunha calcaria de cor amarela dourada con ondas rosa-violáceas que lle dan aspecto de brocado⁵⁴ (fig. 7). Consta a chegada do primeiro lote por mar desde Barcelona á ría de Padrón en 1698⁵⁵.



Fig. 7. Brocado de Tortosa. Foto do autor

O outro, en realidade, son dúas pedras distintas e ambas de Portugal, para cuxa adquisición enviou o cabido ao pintor Juan Carballo, de orixe portuguesa⁵⁶. Un é o mármore da Arrábida, extraído nas canteiras da serra da Arrábida, en Setúbal, que lle dá nome, e o outro é o mármore de Sintra. O primeiro consiste nunha brecha moi apreciada na arquitectura lusa, composta por frag-

53. J. H. Muñoz e S. J. Rovira, «La industria del jaspi de Tortosa a Fedat moderna (siglos XVI-XVII)», *Nous Colloquiu 1*, Centre d'Estudis Francese Martorell, Tortosa, 1997, pp. 33-52; M. Orú, «La proyección catalana i europea del marbre brocatell de Tortosa», *Recerca*, 16 (2015), pp. 121-161.

54. R. Gnoli, M. C. Marchei e A. Sironi, «Repertorio», en G. Borghini (ed.), *Marmi antichi*, Roma, De Luca, 2017, p. 198. Tamén <http://tesauros.mecd.es/tesauros/materias/1185891.html>

55. IG535. I.F.3.º. f. 175v. En 1704 cómprase outra partida (ff. 258v e 265v).

56. Sobre as xestións para a súa adquisición, véxase M. Tam Guzmán, «Los mármoles portugueses de la capilla del Pilar de la catedral de Santiago», en C. Fernández Cortizo, D. L. González Lopo, e E. Martínez Rodríguez (eds.), *Universitas. Homenaje a Antonio Eiras Roel*, Universidade de Santiago de Compostela, 2002, pp. 63-68.

mentos grandes e angulosos de diversas cores —brancas, amarelas, vermellas, grises e negras— unidos por unha masa de cimentación de cor vermella⁵⁷ (figs. 8-9). O segundo consiste nunha calcaria de cor encarnada intensa⁵⁸ (fig. 10). Ambos foron utilizados na arquitectura portuguesa, sobre todo en edificios barrocos de Lisboa, como as igrejas de Nossa Senhora de Loreto (1651), de Nossa Senhora da Conceição dos Cardais (1693) ou de Nossa Senhora da Encarnação das Comendadeiras de Avis (ca. 1697), entre outras⁵⁹. Tamén compra mármore branco na contorna da basílica de Nossa Senhora dos Mártires, en Lisboa, aínda que non se indica a procedencia. Consta a chegada da primeira partida de todas estas pedras nunha carabela desde o porto de Lisboa aos peiraos da Vacariza (Rianxo), na ría de Padrón, en 1699, desde onde foi transportada primeiro a Pontecesures en catro barcos de menor calado e logo a Compostela en oitenta e seis carretos⁶⁰. Unha carta do fabriqueiro Manuel de Silva Basurto escrita ao seu contacto en Lisboa para adquirir o mármore, un tal Domingo Dantas Dacuña, administrador xeral dos Portos Secos de Portugal, explica como o cabido quedou sen pedras e que a súa intención era combinar as catalás coas portuguesas:

...tenido mucha nec(es)idad de dichas piedras por estar parada la obra por falta dellas, porque, como ia abisó a Vuestra Merced, se an de interberar con otra embarcación dellas, que bino de Barcelona... Aquí llegó una embarcación de Barcelona también cargada de mármoles y jaspes y aora nos hacen gran falta los de allá, porque los señores capitulares desta Santa Yglesia tienen yntención de que se bayan entretejiendo unas con las otras, y por causa de las de essa ciudad estamos detenidos asta que lleguen⁶¹.

57. M. T. Price, *Rocas ornamentales*. Barcelona, Blume, 2008, p. 149.

58. *Mármoles e calcários ornamentais de Portugal*, SL, Artes Gráficas, 2007, pp. 262 e 332-336.

59. M. J. Pereira Coutinho, *A produção portuguesa de obras de embutidos de pedraria policroma (1670-1720)*, tese de doutoramento, Universidade de Lisboa, 2010, 3 vols.

60. IG535, LE3^o, E. 193v; e IG 990A, FCC, *Memoria del coste que ha thenido la embarcación de los jaspes desde el Padrón a esta Santa Yglesia, los quales tasó el señor maestro Domingo de Andrade, 16/06/1699* (os taxou Andrade e o veedor), *Quenta de los jaspes que han benido de Portugal para la sacristía que se está haciendo en esta Santa Yglesia, 20/07/1699*, e *Recibo de Juan Carballo, pintor, ocupación de los jaspes en Lisboa, 20/07/1699*.

61. IG990A, FCC, carta de Silva Basurto a Dantas Dacuña do 11/12/1698.



Fig. 8. Brecha da Arrábida. Foto do autor



Fig. 9. Brecha da Arrábida. Foto do autor

Domingo Gómez, Amaro da Veiga e Francisco Rey son cualificados como xaspistas nas relacións de xornais desde setembro de 1698, traballando estes materiais durante anos, aínda que os dous primeiros xa se acha-



Fig. 10. Mármore encarnado de Sintra. Foto do autor

ban nas listas dos canteiros que construían o recinto desde anos antes⁶². Con todo, a intensidade e ritmo das obras obrigaron pronto a ampliar o número dos seus integrantes como consta nas citadas relacións: por exemplo, na da segunda semana de marzo de 1701 seguen de xaspistas os citados Gómez e Veiga, pero xunto con Benito da Fraga, Domingo Míguez, Domingo Fernández, Gregorio López, Juan Rey, Francisco Rey, Domingo Lodeiro, Manuel Bernardo, Domingo Junqueira, Andrés García e Jacinto de Adrán, nomes que se repiten na documentación durante anos⁶³. Para o traballo, a fábrica adquire inxentes cantidades de area para serrar os mármore⁶⁴; cribos para peneirala⁶⁵; retrinco para pintar de branco e debuxar encima a decoración das taraceas marmóreas⁶⁶; grandes cantidades de xeso «para encaxar os jaspes»⁶⁷; albaialde, ocre de

Flandres, trementina, negro de fume, xofre e vermellón para betume «para los jaspes»⁶⁸; moas para alisalos⁶⁹; esmeril «para dar pulimiento»⁷⁰; e pedra pómez para alisalos e lustralos⁷¹. Juan Pérez produce o instrumental necesario como brocas e ciceis «para labrar los jaspes», punzóns (furadores), serras «para aserrar los jaspes», limas de acciro para alisalos e burís para traballar «las figuras de jaspe», así como, desde xuño de 1700, ducias e ducias de grampas coas que fixalos aos muros⁷². Como para a obra de cantería, tamén o traballo cos mármore se parou de súpeto en 1702, desapareceu o termo xaspistas das relacións de xornais semanais e descoñécese con exactitude o motivo. Eventualmente, traballarán nos anos seguintes na realización doutras obras para a catedral como varias das pías de auga bendita ou a decoración das portas do corredor que leva ao camarín e das dos sete vans da sancristía dos cóengos cardeais⁷³.

O resultado é un edificio exento de planta cuadrangular, con grandes arcosolios entre os soportes para

asientan en la sacristía. 02/06/1700 (entregalos a Andrade): IG990C, FCC, CdGE en R4.³s/04/1701; e IG535, LF3.^o, f. 238rv (153,5 quintais «para juntar los jaspes», ano 1701).

68. IG989C, FCC, R2.³s/09/1697; IG990A, FCC, R1.³s/02/1699; IG990B, FCC, CdGE en R5.³s/04/1700, CdGE en R4.³s/06, CdGE en R2.³s/07, CdGE en R1.³s/08, CdGE en R3.³s, CdGE en R2.³s/09, CdGE en R3.³s, CdGE en R2.³s/10, CdGE en R4.³s, CdGE en R2.³s/11, CdGE en R4.³s e CdGE en R5.³s/12; IG990C, FCC, Recibo de don Bicente Brabo de 74 libras de albaialde que se le compró para betumes de los jaspes (1701), CdGE en R2.³s/01/1701, CdGE en R2.³s/02, CdGE en R4.³s, CdGE en R1.³s/04, CdGE en R4.³s, CdGE en R1.³s/05, CdGE en R2.³s, CdGE en R4.³s, CdGE en R2.³s/06, CdGE en R3.³s, CdGE en R1.³s/07 e CdGE en R3.³s/10.

69. IG990B, FCC, R5.³s/04/1700 e CdGE en R2.³s/07; e IG990C, FCC, CdGE en R1.³/07/1701.

70. IG990B, FCC, CdGE en R4.³s/06/1700 e IG990C, FCC, CdGE en R4.³s/04/1701 e CdGE en R1.³/07.

71. 162 libras en 1698 (IG535, LF3.^o, f. 176r) e 6,5 libras en 1699 (IG990A, FCC, Cuenta de Juan Carballo de algunos materiales que ha traído de Portugal, 23/06/1699).

72. IG990A, FCC, Contra de J. Pérez do 16/10/1698 ao 29/12/1699; IG990B, FCC, Conta de J. Pérez do 01/01/1700 ao 06/04/1701 e Contra de J. Pérez do 06/04/1701 ao 14/05/1701; e IG990C, FCC, Conta de J. Pérez do 14/05/1701 ao 27/01/1703.

73. IG991A, FCC, Papeles de la echura de jaspes en las ventanas detrás del Santo Apóstol y pías de la Platería, Recibo de Domingo Gómez de las ventanas que visitó de jaspes de detrás el Santo Apóstol. 01/12/1704: «el bestir de jaspe los siete guecos o ventanas de detrás el Santo Apóstol»; e IG991B, FCC, Recibo de Domingo Gómez, jaspista, de aber beruido de jaspe las puertas por donde se sube a abrasar el Santo Apóstol: 05/02/1705. Sobre as pías, véxase M. Tain Guzmán, «El viaje a Lisboa...», art. cit., pp. 307-308.

62. IG990A, FCC, R2.³s/09/1698.

63. IG990C, FCC, R2.³s/03/1701.

64. IG989C, FCC, Rs 1.³s/04/1697 e 4.³s, 1.³s/05, 2.³s e 4.³s, 1.³s/06, 1.³s/07 e 3.³s («un carro de arena de la mar para serrar los jaspes»); IG990A, FCC, R3.³s/09/1698 («veinte y seis carros de arena del río de Conjo para los jaspes»), R1.³s/02/1699, R4.³s/03, R1.³s/07, R4.³s/08, R3.³s/09, R1.³s/11, R4.³s; IG990B, FCC, R1.³s/02/1700, CdGE en R4.³s/03, CdGE de R2.³s/04, CdGE en R3.³s/08, CdGE en R2.³s/09, CdGE en R2.³s/10, CdGE en R4.³s, CdGE en R2.³s/11, CdGE en R4.³s, CdGE en R5.³s/12; IG990C, FCC, CdGE en R2.³s/01/1701, CdGE en R2.³s/02, CdGE en R4.³s, CdGE en R1.³s/04, CdGE en R4.³s, CdGE en R1.³s/05, CdGE en R4.³s, CdGE en R3.³s/06, CdGE en R1.³s/07, CdGE en R3.³s/08, CdGE en R1.³s/09, CdGE en R4.³s, CdGE en R1.³s/10, CdGE en R3.³s, CdGE en R2.³s/11, CdGE en R1.³s/12, CdGE en R5.³s; PdC, CdGE en R3.³s/01/1702 e CdGE en R4.³s/05.

65. IG990B, FCC, CdGE en R5.³s/12/1700.

66. «Una cesta de retajo que se compró para dar un blanco para dibuxar en el los imbutidos para la sacristía»; IG990B, FCC, R3.³s/01/1700.

67. IG990B, FCC, R4.³s/06/1700 e Recibo de don Ignacio de Calo de 30 quintales de hieso (en pedra) que se le compraron para los jaspes que se

albergar as caixoneiras e armarios reclamados por Borromeo para gardar o enxoval litúrxico dos oficios⁷⁴, distribución habitual para este tipo de recintos na Idade Moderna⁷⁵. Andrade podería inspirarse no recinto do mosteiro de Sobrado, que presenta similitudes co compostelán e que tivo que coñecer cando se trasladou a esa zona á procura de mármores⁷⁶. Como pide Borromeo, estaría presidido por unha imaxe⁷⁷, neste caso a dun Santiago matamouros de taracea de mármores de cores, un traballo sen precedentes na historia da arte de Galicia, para o que se contou como modelo cunha pintura do pintor local Blas Gómez feita *ad hoc* con albaialde, ocre, carmín e ovo en 1700⁷⁸. Ábrese ao deambulatorio por dúas amplas arcadas, unha xa existente pois era o antigo acceso á capela de Santo André e a outra furada agora no lugar da localización do sepulcro do arcebispo Juan Beltrán de Guevara que se traslada entón a un nicho practicado para iso situado no transepto sur. A presenza de dúas portas seguidas aparece tamén noutras sancristías españolas e relaciónase co seu uso procesional polo sacerdote que vai oficiar e os que o asisten que desfilan ordenadamente desde alí ata o altar, funcionando unha

a modo de entrada e a outra de saída⁷⁹, cerimonia recollida en Borromeo⁸⁰.

Todo o interior aparece recuberto de mármores de cor branca, negra e rosada, que lembran interiores da Corte, capelas e santuarios nacionais, e de Italia, dos que o cabido houbo ter noticia e que, probablemente, coñecerían algúns cóngos. Os muros artículanse en dous pisos separados por unha grosa imposta e en tres tramos separados por dúas pilastras de orde composta, excepto o norte, onde se abren os dous accesos e só hai unha. O fondo do muro sur fórrase de pranchas de mármore do Incio ata o entaboamento.

As limitacións do soar, entre edificacións preexistentes, condicionaron as posibilidades funcionais do recinto. Así, só se habilitaron catro nichos para instalar os mobles, quizais orixinalmente seis se contamos os que anos despois utilizaron para o retablo mariano e o epitafio funerario de Monroy. O recinto cóbrese cunha espectacular cúpula octogonal de granito co intradorso decorado con roleos e follaxe rodeando motivos xacobeos e heráldicos: os escudos da casa real, do cabido e do arcebispo Antonio de Monroy, entón prelado da diocese. A lanterna, en cambio, decórase cunha gran roseta central, sartas de froitas nos nervios e follas nos plementos. A luz só entra por dúas ventás que dan cara á praza da Quintana, as oito semicirculares da cúpula e os oito rectangulares da lanterna. Con todo, aínda conta con cinco ventás máis, as antigas da basílica románica aquí reaproveitadas, aínda que agora quedan dentro do edificio, dúas abertas cara ao deambulatorio e tres cara ao transepto sur. Tal feito favorece que se instalen tres seteiras finxidas no piso baixo, dúas no muro leste e unha no oeste, así como dúas ventás simuladas no piso alto do muro oriental. Estas seteiras dispóñense en pórticos debuxados en perspectiva que lembran as experiencias de Borromini na galería Spada e de Antonio Gherardi na capela de Ávila na igrexa de Santa María en Trastevere (Roma).

Co paso dos anos, a decoración dos fustes das pilastras perdeuse pola caída dos mármores, aínda que por fortuna foi substituída polos mesmos motivos pintados

74. C. Borromeo, *Instrucciones...* op. cit., pp. 80-82.

75. F. del Baño Martínez, *Estancias...* op. cit., pp. 39-45.

76. M.^a T. Ríos Miramontes, *Aportaciones al barroco gallego. Un gran mecenazgo*. Santiago, Tórculo, 1986, p. 175.

77. C. Borromeo, *Instrucciones...* op. cit., p. 79.

78. «Se pagó a Blas Gómez, pintor vezino de esta ciudad, veinte y quatro reales por aver pintado un Santiago de a cavallo para hacerse por él otro embutido de jaspes para la sacristía: y ocupó seis días». IG990A, FCC, R. 1.^a/02/1700 e CdGE. Fixose nun taller habilitado na última planta do palacio capitular, sobre a antiga sala capitular, a anterior á actual destruída nun incendio (IG990B, FCC, Conta de J. Pérez do 01/01/1700 ao 06/04/1701: «entregó ocho palmelas y ocho perlonés para las ventanas de encima del cavildo en donde se trabaja los moros y Santiago de jaspes»), con porta á galería alta do edificio (IG990B, FCC, Conta de J. Pérez do 01/01/1700 ao 06/04/1701: «entregó un picaporte para la puerta de la solana donde se ase el santo de embutidos»). Tamén consta a factura de dezaseis burís «para sombrear el santo de jaspe de embutidos» (IG990B, FCC, Conta de J. Pérez do 01/01/1700 ao 06/04/1701) e a compra de cola «para moldes para el Santiago que se hace embutido para la sacristía» (IG990B, FCC, CdGE en R.3.^a/03/1700): «3 tablas de álamo, grandes y anchas, para unos moldes que se hacen para el Santiago embutido de jaspes que es para la sacristía» (IG990B, FCC, CdGE en R.2.^a/05/1700) e «4 tablas de álamo anchas y delgadas para moldes del Santiago que se hace de jaspe embutido para la sacristía» (IG990B, FCC, CdGE en R.1.^a/06/1700).

79. F. del Baño Martínez, *Estancias...* op. cit., p. 39, 48-49 e 55-56.
80. C. Borromeo, *Instrucciones...* op. cit., p. 78.

en 1881⁸¹. Iso permite unha lectura bastante completa do programa do recinto en tempos de Andrade, outra metáfora xacobeas das moitas deseñadas na catedral⁸². Todo se concibiría para exaltar a figura do Apóstolo guerreiro da batalla de Clavijo do panel de mármore de cores que presidiría a sancristía, no seu papel de defensor da fe, protector do rei e do imperio, así como xustificante da cobranza do Voto de Santiago e do padroado da monarquía hispana⁸³. Así se entende a proliferación de símbolos xacobeos como a cruz, a estrela e a cuncha nos fustes das pilastras que o enmarcarían; a cruz, a arca apostólica coa estrela, a inscrición SEPULCRUM EIUS QUASI GLORIOSUM e a cuncha sobre os dous bordóns cruzados en aspa no fondo dos nichos dos lados; os trofeos militares nos fustes das pilastras das paredes leste e oeste; as estrelas e as cruces entre roleos do friso do entaboamento; as xigantescas cunchas e a cruz apostólica das trompas ou as cruces e as cunchas sobre bordóns da cúpula e os trofeos militares dos nervios.

En setembro de 1711, o arcebispo Antonio de Monroy solicitou e obtivo do cabido o permiso para ser enterrado no recinto e para instalar un altar dedicado á Virxe do Pilar de Zaragoza, aínda que sen adquirir dereito de padroado e coa condición de manter a súa función de sancristía capitular⁸⁴. Dous anos despois, o 8 de marzo de 1713, realiza unha fundación perpetua para celebrar a festa da virxe zaragozana cada 12 de outubro con procesión e misa solemne votiva que oficiará o deán e o cabido: no documento enxálzase o feito de que a Virxe «más divina y primera peregrina que gozando aún de vida mortal bino desde Jerusalem a bisitar a nues-

tro sagrado Apóstol estando en Zaragoza en oración». Tamén crea catro capelanías que celebrasen misa diaria no recinto e un aniversario con vixilia e misa pola súa alma e a da súa familia para celebrar o día que falecese no altar maior catedralicio. Por fin, comprométese por escrito a terminar a sancristía «comenzada a más de quince años», e que o cabido non conseguía acabar, sospeito que por falta de diñeiro, e facelo «siguendo la planta y horden que está comenzada en su fábrica», dando a entender que respectaba o proxecto orixinal e o programa decorativo de mármore embutidos de Andrade xa analizado non terminado. Tamén, a «adornar el frontispicio de las puertas de ella que corresponden a la capilla mayor»; «alaxar dicha sachristía de los hornatos y alajas neçesarias... para que sirva a la yglesia en el uso de tal sachristía», entre eles unha lámpada de prata, os mobles e caixoneiras; e encargar un retablo dedicado á citada virxe e a súa tumba. Todo iso mantendo a función orixinal de sancristía («quedando siempre libre a dicha Santa Yglesia para el uso y servijio de tal sachristía»). Así, propón gastar 50 000 ducados nas obras e compras, e outros 30 000 en adquirir facenda raíz ou dar a censo e, cos réditos, financiar todo o proposto⁸⁵.

Ao novo mestre de obras catedralicio Fernando de Casas e aos artistas da súa xeración corresponde, pois, a realización do retablo, a tumba do prelado, a decoración dos dous arcos da entrada e probablemente das súas reixas, o fuste da pilastra da parede norte co escudo de Monroy, os símbolos marianos das claves dos arcos, o enriquecemento dos detalles decorativos do recinto, con placas, embutidos e, sospeito, as pequenas incrustacións a modo de cabuxóns, o pavimento de todo o recinto, así como os ricos armarios e caixoneiras feitos con madeiras nobres e incrustacións de marfil⁸⁶. Nomeado o 26 de xuño de 1711⁸⁷, dada a idade avanzada de Andrade que falece só uns meses despois (o 12 de novembro de 1712), tal volume de traballo e, seica,

81. M.ª T. Ríos Miramontes, *Aportaciones...*, op. cit., pp. 216-218; J. Monterroso Montero, «La restauración de la capilla de Nuestra Señora del Pilar de la catedral de Santiago en 1881. Circunstancias históricas y principios de intervención», en M.ª D. Barral Rivadulla e J. M. López Vázquez (eds.), *Homenaje del Departamento de Historia del Arte de la Universidad de Santiago de Compostela a la profesora doctora M.ª del Socorro Ortega Romero*, Santiago, Xunta de Galicia, 2002, pp. 627-648.

82. A. Vigo Trasancos, *Barroca. La arquitectura sagrada del antiguo reino de Galicia (1658-1763)*, Santiago de Compostela, Consorcio de Santiago-Teófilo Edicións, 2012, pp. 72-79.

83. R. López López, «La pervivencia de un mito bélico en la España moderna: la imagen de Santiago caballero», en D. González Cruz (ed.), *Religión y conflictos bélicos en Iberoamérica*, Sevilla, Universidade Internacional de Andalucía, 2008, pp. 49-73.

84. IG491, LAC48, ff. 61r e 61v.

85. IG491, LAC48, f. 154v e IG162, Fundaciones del arzobispo sr. Monroy, ff. 35r-62r; documento publicado en A. López Ferreiro, *Historia...*, op. cit., vol. 9, pp. 260-263.

86. M. Taín Guzmán, «La eajonería barroca de la catedral de Santiago de Compostela: muebles ebúrneos al servicio del Apóstol», en *III Congreso Internacional del Barroco Iberoamericano. Territorio, Arte, Espacio y Sociedad, realizado en Sevilla entre os días 8 e 12 de outubro de 2001*, Universidade Pablo de Olavide, 2001, vol. 1, pp. 747-758.

87. IG491, LAC48, ff. 43v e 44v.

o empeño de lle dar á decoración un ton máis propio ao culto mariano⁸⁸, tanto con mármoles almacenados polo cabido, comprados agora ao cabido por Monroy⁸⁹, como con outros novos traídos das mesmas canteiras xa citadas, explican por que a obra se alongou tanto no tempo, nada menos que ata 1723⁹⁰.

En agosto do devandito ano, Juan Antonio Muñoz Salcedo, bispo de Mondoñedo, en Santiago, con motivo da ofrenda real ao Apóstolo, fixo a consagración do novo altar mariano, o que actualmente se conserva, o que supoñería a desaparición da escena do Santiago ecuestre e que o recinto reciba a consideración de capela desde ese momento. O 12 de outubro, día da Virxe do Pilar, colocouse a imaxe mariana no retablo e o 14 trasladáronse os restos de Monroy ao nicho definitivo, debaixo da súa imaxe orante, pois ata entón e provisionalmente fora enterrado diante do púlpito da epístola tras o seu falecemento o 7 de novembro de 1715⁹¹. No plano da basílica do arquitecto Miguel Ferro Caaveiro, datado en 1794, chámasele ao recinto «Magnífica capilla y altar de mármoles echa a espensas del yllustrísimo señor don frai Antonio de Monrroi, arzobispo de esta Santa Yglesia, dedicada a Nuestra Señora del Pilar, y donde se ha colocado el panteón y estatua de este prelado»⁹². É dicir, para entón, xa non queda recordo da súa función como sancristía catedralicia.

A construción da nova sancristía catedralicia e o seu anexo, o pórtico da Quintana, podería vincularse cos preparativos do ano santo de 1700 e o desexo de dignificar os oficios no altar maior e a cerimonia da oferta real o 25 de xullo. O peite do pórtico adórnase tamén con trofeos militares e servía de peaña á escultura dun Santiago matamouros como o da sancristía, hoxe perdida. A súa inscrición D.O.M. TOTIUS HISPANIAE PATRÓN ET PROTECTORI SACRUM 1700./ANNO

88. A. Vigo Trasancos. «Esplendor barroco y orden académico (1643-1807). Arquitectura, metáfora y magnificencia». en R. Yzquierdo Peiró (ed.). *La catedral de los caminos. Estudios sobre arte e historia*. Fundación Catedral de Santiago, Santiago. 2020. pp. 598-599.

89. IG535. I.F3.^o. ff. 410^r e 433^r.

90. A. Fernández González. *Fernando de Casas, arquitecto en Compostela*. Santiago. Consorcio de Santiago e Nigratrea. 2008. pp. 37-61.

91. M.^a T. Ríos Miramontes. *Aportaciones...* op. cit., pp. 63-64.

92. Colección Mapas, Planos e Debuxos do ACS.

HUIUS EI UTROBIQUE/ET ROMAE IUBILAEII CELEBRATI (Polo máis grande Deus, o patrón e protector sagrado de toda España, 1700./Este é ano xubilar celebrado en Roma e en ambos os sitios) loa o papel do Apóstolo e a coincidencia do ano xubilar no devandito ano en Roma e Compostela. A función do edificio, á parte de comunicar a basílica co cemiterio, indícaa a altura da porta e do corredor, necesarias para o tráfico de imaxes nas procesións catedralicias que saen e entran por esta porta e tamén para os xigantes, caracterizados de peregrinos de diversas partes do mundo, que bailaban diante da imaxe do Apóstolo con motivo da súa festa e logo saían polas rúas da cidade⁹³.

O 3 de abril de 1700, un Domingo de Andrade viuvo preséntalle ao cabido un memorial no que expresa o seu desexo de ordenarse presbítero e solicita que se lle siga respectando o seu salario de mestre maior. O documento é interesante porque recolle os seus principais motivos de orgullo no desempeño do cargo, que son as súas obras, como a sancristía e o pórtico, e as súas exploracións das canteiras de mármore:

Domingo de Andrade representa a vuestra señoría yllustrísima como ha treinta y nueve años que sirve a vuestra señoría yllustrísima, y asistiendo a las obras del Santo Apóstol y de vuestra señoría yllustrísima. Y, en el tiempo que entró a servir las había tres maestros que heran Francisco Dantas, con çiento y quarenta ducados de selario, y Bernardo Cabrera, con çien ducados, ambos para el tabernáculo, que le dexaron en la mitad, y a Josephe de la Peña, con ciento y quarenta ducados para la cantería, que todos hacían trescientos y (o)chenta ducados. Y, después, escussando a los tres, se an echo más en su tiempo que en el de sus antecesores (como consta de los señores fabriqueros a quien asistió con puntualidad y a vuestra señoría yllustrísima es notorio). Y con el efecto de servicio en esta Santa Yglesia no solo en su ministerio sino en otros, a ymbestigado tres canteras de xaspe y mármoles, una en Asturias, otra junto al combento de Sobrado, y otra junto a Monforte, todas útiles para las obras del Santo Apóstol, cossa que ninguno asta aora había descubierto⁹⁴.

93. P. Pérez Costanti. P., «Los gigantes». *Notas viejas galicianas*, Sindicatos Católicos. Vigo, 1925, vol. 2, pp. 101-104.

94. IG488. LAC.45. ff. 148^v-149^v.



BIBLIOGRAFÍA CITADA

Baño Martínez, F. del, *Estancias de uso y representación al servicio de las catedrales españolas durante el barroco*, tese de doutoramento, Universidade de Murcia, 2008.

Barreiro, B., *Monroy, leyenda histórica*, Viuda e Hijos de Madrigal, Pontevedra, 1884.

Bonet Correa, A., *La arquitectura en Galicia durante el siglo XVII*, Consello Superior de Investigacións Científicas, Madrid, 1984 (1.ª ed. 1966).

Carrero Santamaría, E., «La sacristía catedralicia en los reinos hispanos. Evolución topográfica y tipo arquitectónico», *Liño*, 11, 2002, pp. 49-59.

Díaz Fernández, J. M.ª (dir.), *Guía del archivo de la catedral de Santiago*, Cabido da SAMI Catedral, Santiago de Compostela, 2007.

Domingos de Andrade. Excelencia do barroco, Fundación Antonio Fraguas Fraguas-Museo do Pobo Galego, Santiago de Compostela, 2012.

Fernández Álvarez, M.ª A., *Arte y sociedad en Compostela 1660-1710*, Ediciós do Castro, Sada, 1996.

Fernández González, A., *Fernando de Casas, arquitecto en Compostela*, Consorcio de Santiago-Nigratrea, Santiago de Compostela, 2008.

García Iglesias, J. M., *A catedral de Santiago e o barroco*, Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, Santiago de Compostela, 1990.

García Iglesias, J. M., «La Edad Moderna», en García Iglesias, J. M. (dir.), *La catedral de Santiago de Compostela*, Patrimonio Histórico Gallego 1, Catedrales 1, Xuntanza Editorial, A Laracha, 1993, pp. 283-391.

García Iglesias, J. M., *Fernando de Casas Novoa*, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, 1993.

Gnoli, R., Marchei, M. C. e Sironi, A., «Repertorio», en G. Borghini (ed.), *Marmi antichi*, De Luca, Roma, 2017, pp. 131-295.

Iglesias Ortega, A., *La catedral de Santiago de Compostela y sus capitulares: funcionamiento y sociología de un cabildo en el siglo XVI*, Deputación Provincial da Coruña, A Coruña, 2012.

- López Ferreiro, A., *Historia de la Santa A. M. Iglesia de Santiago de Compostela*, vol. 9, Seminario Conciliar Central, Santiago de Compostela, 1907.
- López López, R., «La pervivencia de un mito bélico en la España moderna: la imagen de Santiago caballero», en D. González Cruz (ed.), *Religión y conflictos bélicos en Iberoamérica*, Universidade Internacional de Andalucía, Sevilla, 2008, pp. 49-73.
- Mármores e calcários ornamentais de Portugal*, SL, Artes Gráficas, 2007.
- Monterroso Montero, J., «La restauración de la capilla de Nuestra Señora del Pilar de la catedral de Santiago en 1881. Circunstancias históricas y principios de intervención», en M.ª D. Barral Rivadulla e J. M. López Vázquez (eds.), *Homenaje del Departamento de Historia del Arte de la Universidad de Santiago de Compostela a la profesora doctora M.ª del Socorro Ortega Romero*, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, 2002, pp. 627-648.
- Muñoz, J. H. e Rovira, S. J., «La industria del jaspi de Tortosa a l'edat moderna (segles XVI-XVII)», *Nous Col·loquis 1*, Centre d'Estudis Francesc Martorell, Tortosa, 1997, pp. 33-52.
- Ortí, M., «La projecció catalana i europea del marbre brocattell de Tortosa», *Recerca*, 16, 2015, pp. 121-161.
- Pereira Coutinho, M. J., *A produção portuguesa de obras de embutidos de pedraria policroma (1670-1720)*, tese de doutoramento, Universidade de Lisboa, 2010, 3 vols.
- Pérez Costanti, P., «Los gigantones», *Notas viejas galicianas*, Sindicatos Católicos, Vigo, 1925, vol. 2, pp. 101-104.
- Price, M. T., *Rocas ornamentales*, Blume, Barcelona, 2008.
- Ríos Miramontes, M.ª T., *Aportaciones al barroco gallego. Un gran mecenazgo*, Tórculo, Santiago de Compostela, 1986.
- Rosende Valdés, A. A., *Una historia urbana. Compostela 1595-1780*, Nigratrea, Santiago de Compostela, 2004.
- Taín Guzmán, M., *Domingo de Andrade, maestro de obras de la catedral de Santiago (1639-1712)*, Edición do Castro, Sada, 1998, 2 vols.
- Taín Guzmán, M., *Trazas, planos y proyectos del archivo de la catedral de Santiago*, Deputación Provincial, A Coruña, 1999.
- Taín Guzmán, M., «La cajonería barroca de la Catedral de Santiago de Compostela: muebles ebúrneos al servicio del Apóstol», en *III Congreso Internacional del Barroco Iberoamericano. Territorio, Arte, Espacio y Sociedad*, celebrado en Sevilla entre el 8 e o 12 de outubro de 2001, Universidad Pablo de Olavide, 2001, vol. 1, pp. 747-758.
- Taín Guzmán, M., «Los mármoles portugueses de la capilla del Pilar de la catedral de Santiago», en C. Fernández Cortizo, D. L. González Lopo, e E. Martínez Rodríguez (eds.), *Universitas. Homenaje a Antonio Eiras Roel*, Universidade de Santiago de Compostela, 2002, pp. 63-79.
- Taín Guzmán, M., «El viaje a Lisboa del canónigo fabriquero José de Vega y Verdugo», *Quintana*, 1, 2002, pp. 301-311.
- Vicente López, S., *Vega y Verdugo, Peña de Toro y la introducción del barroco en Compostela*, Consorcio de Santiago-Teófilo Edicións, Santiago de Compostela, 2012.
- Vigo Trasancos, A., «Transformación, utopía y redescubrimiento. La catedral desde el barroco a nuestros días», en M. Núñez Rodríguez (ed.), *Santiago, la catedral y la memoria del arte*, Consorcio de Santiago, Santiago de Compostela, 2000, pp. 187-242.
- Vigo Trasancos, A. (dir.), *Planos y dibujos de arquitectura y urbanismo. Galicia en los Siglos XVI y XVII*, Consello Galego de Colexios de Aparelladores e Arquitectos Técnicos, Santiago de Compostela, 2003.
- Vigo Trasancos, A., *Barroco. La arquitectura sagrada del antiguo reino de Galicia (1658-1763)*, Consorcio de Santiago-Teófilo Edicións, Santiago de Compostela, 2012.
- Vigo Trasancos, A., «Esplendor barroco y orden académico (1643-1807). Arquitectura, metáfora y magnificencia», en R. Yzquierdo Peiró (ed.), *La catedral de los caminos. Estudios sobre arte e historia*, Fundación Catedral de Santiago, Santiago de Compostela, 2020, pp. 555-653.
- Villanueva, X. M. (coord.), *La catedral de los caminos. Una biografía de la iglesia de Santiago*, Lunwerg, Santiago de Compostela, 2020.



DOMINGO DE ANDRADE

A INVENCION DO BARROCO | LA INVENCION DEL BARROCO

Celestino García Braña
Alfredo Vigo Trasancos
(coords.)

Textos de:

Alfredo Vigo Trasancos, Celestino García Braña, Adrián Alonso Lorenzo, Miguel Taín Guzmán,
Paula Pita Galán, Arturo Iglesias Ortega, José Ramón Soraluze Blond, Xosé Carlos Valle Pérez, Ana Goy Diz,
Marcos G. Calles Lombao, Javier Gómez Darriba, Ramón Yzquierdo Perrín, Juan David Díaz López

DOMINGO DE ANDRADE

A INVENCIÓN DO BARROCO | LA INVENCIÓN DEL BARROCO

Celestino García Braña
Alfredo Vigo Trasancos
(coords.)

Textos de:

Alfredo Vigo Trasancos, Celestino García Braña, Adrián Alonso Lorenzo, Miguel Tain Guzmán,
Paula Pita Galán, Arturo Iglesias Ortega, José Ramón Soraluze Blond, Xosé Carlos Valle Pérez, Ana Goy Diz,
Marcos G. Calles Lombao, Javier Gómez Darriba, Ramón Yzquierdo Perrín, Juan David Díaz López

Domingo de Andrade. *A invención do Barroco*
Domingo de Andrade. *La invención del Barroco*

@ Consorcio de Santiago, 2021
@ Teófilo Edicións, 2021

@ Dos textos: Os autores
@ Fotografías, debuxos e gravados: Os autores e institucións
Todo o material gráfico desta obra reproducése con autorización dos seus propietarios ou titulares

Edita: Teófilo Edicións | www.teofilocomunicacion.com
Consorcio de Santiago | www.consorciodesantiago.org

Maquetación e deseño: Teófilo Comunicación

Tradución ao galego: Secretaría Xeral de Política Lingüística, agás os textos das páxinas 141-166 e 167-190

Depósito Legal: PO 384-2021
ISBN: Teófilo Comunicación: 978-84-124192-9-0 | Consorcio de Santiago: 978-84-16753-63-5

Este libro forma parte da Biblioteca Científica do Consorcio de Santiago.

Prohibida a reprodución total ou parcial desta obra sen permiso debidamente autorizado e por escrito do propietario do copyright.

ÍNDICE

Textos institucionais

1. Xenio e figura

- 1.1. Domingo de Andrade, o clérigo-arquitecto que quixo construír metáforas sagradas - páx. 23
Alfredo Vigo Trasancos

2. *Urbs Mirabilis*. Andrade na catedral e a cidade de Santiago

- 2.1. Domingo de Andrade, arquitecto da Torre do Reloxo - páx. 43
Celestino García Braña, coa colaboración de Adrián Alonso Lorenzo
- 2.2. Da capela do Pilar ao pórtico da Quintana. Tradición clásica e creación barroca - páx. 69
Miguel Taín Guzmán
- 2.3. Da vivenda urbana a San Domingos de Bonaval. O legado do arcebispo Monroy - páx. 85
Paula Pita Galán
- 2.4. Domingo de Andrade, aparelador e mestre de obras. Regulación, nomenclatura, competencias e salarios dos seus cargos catedralicios - páx. 105
Arturo Iglesias Ortega

3. A conquista do Reino de Galicia. De norte a sur

- 3.1. Domingo de Andrade na Coruña - páx. 123
José Ramón Soraluze Blond
- 3.2. Domingo de Andrade, os seus colaboradores e a renovación formal dos mosteiros cistercienses galegos durante a Idade Moderna: Santa María de Sobrado como paradigma - páx. 141
Xosé Carlos Valle Pérez
- 3.3. Domingo de Andrade en Lugo. A cidade e a catedral - páx. 167
Ana Goy Diz e Marcos G. Calles Lombao
- 3.4. De Ourense a Tui. Domingo de Andrade na Galicia meridional - páx. 191
Javier Gómez Darriba

4. Ascuas de ouro

- 4.1. Domingo de Andrade entallador - páx. 207
Ramón Yzquierdo Perrín

5. A visión contemporánea

- 5.1. A Torre do Reloxo e o achado do barroco compostelán nos albores do turismo (1832-1930) - páx. 231
Juan David Díaz López